

# INSTRUCCIÓN

## Bono Social de Compra Nadal 2022 - Pontedeume

### COMERCIOS

- Poden inscribirse todos os establecementos comerciais locais minoristas **ubicados** no **Concello de Pontedeume** (incluídos servizos de aloxamento).
- **Presenta a túa solicitude (Anexo I)** xunto coa copia do DNI do titular ou CIF do establecemento e o certificado de alta no censo de Actividades Económicas deste ano 2022. Ademais podes presentar a imaxe corporativa ou logo do teu negocio. A data límite de presentación é o 24 de novembro de 2022.
- Unha vez o teu establecemento sexa incluído se entregará un **adhesivo** para a **identificación** do teu establecemento como local **adherido** e as persoas beneficiarias deste programa poderán canxear os seus bonos no teu local.
- Cada **bono** debe canxearse **nun único establecemento** e ten un importe máximo de 65€.
- En ningún caso devolvas diñeiro en metálico en caso de que o importe da compra sexa menor a 65 €. **O importe máximo do bono é 65 €**, calquer outro importe maior non será aboado por parte do Concello de Pontedeume.
- Os **bonos** son **nominais** e é moi importante que verifiques que o bono se corresponda coa persoa que está realizando a compra no teu establecemento.
- Debes de recoller o **bono no momento da compra e emitir unha factura co nome do beneficiario** detallando claramente os artigos adquiridos e incluíndo na factura o número de bono que estás recollendo. Recorda que non está permitida a venda de tabaco, alcohol ou lotería.
- Debes **presentar o Anexo III** cubrindo os datos do establecemento e a táboa que aparece indicando o número identificativo de cada bono que canxeaches, o DNI, nome e apelidos da persoa que realizou a compra con él, a identificación da factura/s asociadas a ese bono e o importe total canxeado.
- Xunto con este **Anexo III** presenta no Concello de Pontedeume os **bonos recollidos, as facturas emitidas** a nome das persoas beneficiarias e o **certificado bancario da túa conta onde se realizará o ingreso por parte do Concello de Pontedeume** do importe asociado aos bonos que foron canxeados no teu comercio.
- Recorda que a **validez do bono é ata o día 11 de decembro** e que debes **presentar** toda a **documentación** correspondente ás compras realizadas no teu establecemento no Concello de Pontedeume **ata o 20 de decembro de 2022**.

*Grazas pola túa colaboración!!!*

# BENEFICIARIAS/OS

- Poderás ser beneficiaria/o destes bonos se estás **empadroada/o no Concello de Pontedeume** e pertences a algún dos seguintes programas xestionados desde o departamento de Servizos Sociais municipal: *Axudas municipais de emerxencia social, Programa de axuda alimentarias ás persoas desfavorecidas, Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) ou Tarxeta social básica.*
- Presenta a túa solicitude (**Anexo II**) cubrindo os **datos da túa unidade familiar** e inclúe o **certificado de empadramento colectivo** para a verificación dos datos.
- **Por cada persoa da unidade familiar asignarase un bono** cun importe de 65€. Así se a túa familia, por exemplo, está rexistrada con tres membros e está incluída dentro do programa de axudas sociais anteriores recibiríades tres bonos nominais cun importe de 65€ cada un.
- Podes **canxear cada bono nominal nun único establecemento do listado de comercios adheridos** e debes entregar o teu bono que ten un importe máximo de 65€ no establecemento no que o canxees.
- **As bebidas alcohólicas, tabaco e loterías están excluídos deste programa.**
- O uso dun **bono non poderá exceder o importe de 65€** e en ningún caso o establecemento devolverá diñeiro en metálico.
- Recorda que **podes inscribirte ata o día 24 de novembro** e unha vez recibas o teu bono **poderás canxealo ata o 11 de decembro de 2022!!**

## MÁIS INFORMACIÓN

<https://www.pontedeume.gal/programa-bono-social-de-compra-nadal-2022>



Pontedeume